

## **Acordo do Consello de Goberno, do 22 de xullo de 2025, polo que se aproba a normativa que regula a adaptación, o recoñecemento e a transferencia de créditos nas titulacións oficiais de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña**

Texto consolidado

Última modificación: acordo do Consello de Goberno do 26 de maio de 2026, publicado no Taboleiro Electrónico Oficial o 27 de maio de 2026

PREÁMBULO .....	3
TÍTULO I. Disposicións xerais .....	4
Artigo 1. Obxecto .....	4
Artigo 2. Ámbito de aplicación.....	4
Artigo 3. Definicións .....	4
Artigo 4. Competencia e prazo para resolver.....	5
Artigo 5. Taxas.....	6
TÍTULO II. Adaptación de créditos .....	6
Artigo 6. Táboas de adaptación .....	6
Artigo 7. Información previa .....	6
Artigo 8. Solicitud .....	7
Artigo 9. Tramitación.....	7
Artigo 10. Efectos da resolución .....	7
TÍTULO III. Recoñecemento de créditos .....	7
CAPÍTULO I. Disposicións xerais .....	7
Artigo 11. Tipos de recoñecementos de créditos .....	7
Artigo 12. Documentación en lingua estranxeira.....	8
Artigo 13. Inclusión no expediente .....	8
CAPÍTULO II. Recoñecemento por estudos universitarios oficiais .....	9
Sección primeira. Criterios para o recoñecemento.....	9
Artigo 14. Criterios xerais.....	9
Artigo 15. Criterios para estudos de grao.....	10
Artigo 16. Criterios para estudos de mestrado universitario.....	11
Artigo 17. Táboas de recoñecementos .....	11
Sección segunda. Procedemento.....	12
Artigo 18. Inicio do procedemento de recoñecemento de créditos .....	12

Artigo 19. Tramitación do procedemento .....	13
Artigo 20. Cualificación dos créditos recoñecidos .....	14
CAPÍTULO III. Recoñecemento por estudos universitarios non oficiais .....	14
Artigo 21. Criterios para o recoñecemento.....	14
Artigo 22. Táboas de recoñecemento .....	14
Artigo 23. Procedemento .....	14
Artigo 24. Cualificacións.....	14
Artigo 25. Limitacións.....	15
CAPÍTULO IV. Recoñecemento de créditos por experiencia laboral ou profesional	15
Artigo 26. Criterios para o recoñecemento.....	15
Artigo 27. Inicio do procedemento .....	15
Artigo 28. Tramitación do procedemento .....	16
Artigo 29. Cualificacións.....	16
Artigo 30. Limitacións.....	17
CAPÍTULO V. Recoñecemento por estudos superiores non universitarios .....	17
Artigo 31. Criterios para o recoñecemento.....	17
Artigo 32. Táboas de recoñecemento .....	17
Artigo 33. Iniciación do procedemento.....	17
Artigo 34. Instrución do procedemento .....	18
Artigo 35. Cualificacións.....	18
CAPÍTULO VI. Recoñecemento académico de créditos por participar en actividades universitarias .....	18
Artigo 36. Disposicións xerais .....	18
Artigo 37. Procedemento .....	19
Artigo 38. Limitacións.....	19
TÍTULO IV. Transferencia de créditos .....	20
Artigo 39. Procedemento .....	20
Artigo 40. Inclusión no expediente .....	20
Disposición adicional primeira. Solicitude de información previa para estudantes de preinscrición e de cambio de universidade e/ou estudos .....	21
Disposición adicional segunda. Programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións con itinerario específico e múltiples titulacións .....	21
Disposición adicional terceira. Ensinanzas conxuntas ou interuniversitarias .....	22
Disposición adicional cuarta. Títulos de grao da UDC non adscritos a ámbitos.....	22

Disposición adicional quinta. Títulos de mestrado universitario da UDC non adscritos a ámbitos .....	22
Disposición transitoria. Recoñecemento académico de créditos pola participación en actividades universitarias realizadas ao amparo da normativa anterior .....	22
Disposición derogatoria. Derrogación normativa.....	23
Disposición final primeira. Habilitación .....	23
Disposición final segunda. Entrada en vigor.....	23
ANEXO I. Recoñecemento académico de créditos polo aproveitamento da participación en actividades universitarias .....	24
ANEXO II. Procedemento para consultar o ámbito de coñecemento do grao de orixe, no caso de que non figure na documentación achegada .....	35
ANEXO III. Criterios sobre as cualificacións nos expedientes de destino .....	37

## PREÁMBULO

A Universidade da Coruña, no exercicio da súa autonomía recoñecida no artigo 27 da Constitución española, e de acordo co disposto na Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, así como no Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e o procedemento de aseguramento da súa calidade, aproba esta normativa co obxectivo de regular os procedementos de adaptación, recoñecemento e transferencia de créditos nas titulacións oficiais de grao e mestrado universitario.

Esta norma asume os principios que recollen os Estatutos da Universidade da Coruña (decretos 101/2004, do 13 de maio, e 194/2007, do 11 de outubro), que recoñecen a educación superior como un servizo público dirixido á formación integral das persoas, á xeración e transmisión do coñecemento e ao desenvolvemento social, económico e cultural do seu contorno.

En consonancia coa súa misión institucional, a Universidade comprométese cun modelo educativo baseado na calidade, na equidade, na responsabilidade social, na sustentabilidade e na aprendizaxe ao longo da vida.

Neste marco, a adaptación, o recoñecemento e a transferencia de créditos son instrumentos fundamentais para:

- facilitar a mobilidade do estudiantado,
- recoñecer aprendizaxes previas adquiridas en contextos académicos, profesionais ou sociais,
- garantir a coherencia dos plans de estudo e
- contribuir a un sistema universitario máis flexible, inclusivo e centrado nas persoas.

A normativa presta especial atención á formación transversal e competencial que o estudiantado pode adquirir a través de actividades de carácter académico, cultural,

deportivo, solidario, de representación estudiantil, emprendemento, ciencia cidadá ou aprendizaxe-servizo. Aínda que estas aprendizaxes non sempre se recollen de forma directa nos plans de estudo, representan unha parte esencial do desenvolvemento persoal e profesional do estudiantado, polo que resulta conveniente e oportuno o seu recoñecemento académico formal.

Con esta norma, a Universidade da Coruña consolida o seu compromiso cun sistema de recoñecemento de créditos transparente, rigoroso e adaptado á realidade formativa do seu estudiantado, avanzando así a unha educación superior que recoñece a pluralidade de traxectorias formativas e fomenta a adquisición de competencias clave para o exercicio dunha cidadanía activa, crítica e comprometida.

## TÍTULO I. Disposicións xerais

### Artigo 1. Obxecto

Esta normativa ten por obxecto regular os criterios xerais e o procedemento que se aplicará para a adaptación, o recoñecemento e a transferencia de créditos nas ensinanzas universitarias de grao e mestrado universitario, de acordo co disposto no Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade.

### Artigo 2. Ámbito de aplicación

Esta normativa será de aplicación ás titulacións universitarias oficiais de grao e mestrado universitario impartidas na Universidade da Coruña (UDC), agás nos seguintes casos, que se rexerán pola súa propia normativa específica:

- a) Titulacións ou programas oficiais que contén cunha normativa específica nesta materia. Nestes casos, a aplicación da normativa específica deberá contar coa autorización da Comisión de Plan de Estudos delegada do Consello de Goberno.
- b) Programas de mobilidade, agás nos supostos recollidos no anexo I desta normativa [apartado J) 1.c)].
- c) Programas de simultaneidade de estudos.
- d) Graos abertos.

### Artigo 3. Definicións

Para os efectos desta normativa, enténdese por:

1. **Título de orixe:** titulación que a persoa solicitante cursou e superou, total ou parcialmente, coa que pretende acreditar os resultados de aprendizaxe (conxunto de coñecementos, competencias e habilidades) ou, de non estar definidos, a adquisición de competencias.
2. **Título de destino:** titulación que a persoa está a cursar actualmente ou que vai cursar e na que solicita a adaptación, o recoñecemento ou a transferencia de créditos, con base nos coñecementos e as competencias previamente adquiridos.

3. **Adaptación de créditos:** aceptación dos créditos superados nun plan de estudos da UDC (xa extinguido ou en proceso de extinción), no novo plan que o substitúa.

4. **Recoñecemento de créditos:** aceptación de créditos previamente superados, actividades ou experiencia profesional, que se computan como válidos para obter un título oficial. Non se poderá recoñecer o Traballo de Fin de Grao (TFG) nin o Traballo de Fin de Mestrado (TFM) no título de destino.

5. **Transferencia de créditos:** inclusión, no expediente académico oficial, dos créditos superados en ensinanzas oficiais cursadas previamente noutra universidade, sempre que non conducisen á obtención dun título nin fosen recoñecidos previamente.

6. **Procedemento de preinscrición:** sistema polo que se solicita o acceso a estudos universitarios. Para estudos de grao, realízase a través da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG) ou organismo que a substitúa. Para estudos de mestrado universitario, a través da UDC.

7. **Procedemento de cambio de universidade e/ou estudos:** sistema de acceso a estudos de grao na UDC en que a/o estudante solicita o recoñecemento de créditos superados noutra titulación universitaria oficial. Este procedemento require o recoñecemento dun mínimo de 30 créditos ECTS na titulación de destino.

#### **Artigo 4. Competencia e prazo para resolver**

1. A competencia para resolver todos os procedementos recollidos nesta normativa corresponde, por delegación do reitor ou da reitora, á persoa titular do decanato ou dirección do centro en que se tramite a solicitude.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado competente, segundo o disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA). De maneira opcional, tamén se poderá presentar un recurso potestativo de reposición ante a reitora ou o reitor, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

As resolucións terán que se axustar aos modelos que estableza a vicerreitoría con competencias en materia de titulacións.

2. Os prazos máximos para resolver, unha vez que a solicitude estea completa e con toda a documentación, serán os seguintes:

a) Solicitude de adaptación de créditos: 10 días hábiles

b) Solicitude de recoñecemento e transferencia de créditos: 2 meses

Se unha vez que transcorra o prazo non se ditou a resolución expresa, entenderase que a solicitude foi desestimada por silencio administrativo.

## **Artigo 5. Taxas**

1. As solicitudes de adaptación de créditos e a súa incorporación no expediente académico non supoñen o pagamento de ningunha taxa.

2. No caso das solicitudes de recoñecementos de créditos, se a persoa solicitante non está matriculada na titulación para a que presenta a solicitude, deberá aboar a taxa que estableza o Consello Social para que a solicitude sexa estudada. Esta taxa non será esixida se existen táboas de recoñecemento que cubran integramente a solicitude.

Se a resolución é favorable e a persoa se matricula nesa titulación, o importe da taxa pagada descontarase do prezo da matrícula. Este desconto non dá dereito á devolución do importe en ningún caso.

3. Se a persoa solicitante xa está matriculada na titulación para a que presenta a solicitude non terá que aboar ningunha taxa polo estudo do recoñecemento.

4. En todo caso, para incluír no expediente os recoñecementos concedidos será preciso aboar, con carácter previo, a taxa que determine a Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta as exencións e os descontos sinalados nos apartados anteriores.

5. As solicitudes de transferencia de créditos terán que ir acompañadas do aboamento da taxa que determine a Comunidade Autónoma de Galicia ou, no seu defecto, o Consello Social da Universidade. A incorporación dos créditos ao expediente será gratuíta.

## **TÍTULO II. Adaptación de créditos**

### **Artigo 6. Táboas de adaptación**

1. Os créditos que poden ser adaptados figurarán nas táboas de adaptación incluídas na memoria de verificación do título de destino.

No caso de que esa memoria non recolla táboas de adaptación, a xunta de facultade ou escola correspondente poderá aprobar unha táboa específica, ou ben o órgano en que delegue esa competencia.

2. O centro que imparta o título de destino será o responsable de gravar estas táboas na aplicación informática de xestión académica.

### **Artigo 7. Información previa**

Antes de presentar a solicitude, calquera persoa interesada poderá consultar as táboas de adaptación dispoñibles na páxina web do centro en que se imparte o título de destino. Estas táboas deberán estar accesibles nun apartado específico denominado «Táboas de adaptacións e recoñecementos», que non esixirá máis de dous clics desde a páxina principal do centro.

## **Artigo 8. Solicitud**

1. A solicitude de adaptación terá que se presentar na administración ou unidade de xestión académica (UXAI) do centro que imparta o título de destino. Non será necesario achegar documentación adicional, agás o documento identificativo da persoa solicitante.
2. O prazo para presentar a solicitude será o que indique a normativa de matrícula vixente en cada curso académico.

## **Artigo 9. Tramitación**

Unha vez recibida a solicitude de adaptación, a administración ou UXAI comprobará se corresponde ou non a súa concesión e, con base niso, elaborará unha proposta de resolución que lle remitirá á persoa titular do decanato ou dirección do centro.

## **Artigo 10. Efectos da resolución**

1. Se a resolución é favorable, a administración ou UXAI realizará a adaptación na aplicación informática, segundo as táboas previamente establecidas. No expediente académico da titulación de destino gravaranse as cualificacións e demais circunstancias relevantes que figuren no expediente de orixe asociadas aos créditos superados no título de orixe.

Esta resolución suporá que a persoa interesada non poderá continuar matriculada nos estudos de orixe, por tanto nestes pecharase o seu expediente.

2. Se a resolución é desfavorable, a persoa interesada poderá continuar matriculada nos estudos de orixe, sempre que a normativa de matrícula o permita.

## **TÍTULO III. Recoñecemento de créditos**

### **CAPÍTULO I. Disposicións xerais**

#### **Artigo 11. Tipos de recoñecementos de créditos**

1. O estudantado matriculado na UDC poderá solicitar o recoñecemento de créditos, para obter o correspondente título, a partir de:
  - a) Estudos universitarios oficiais, finalizados ou non, cursados na UDC ou noutra universidade nacional ou internacional.
  - b) Estudos universitarios non oficiais, xa sexan títulos propios ou de formación permanente, cursados na UDC ou noutra universidade nacional ou internacional, e finalizados ou non.
  - c) Experiencia laboral ou profesional.
  - d) Estudos superiores non universitarios finalizados, nos seguintes casos:
    - graduada/o en ensinanzas artísticas
    - técnica/o superior de artes plásticas e deseño
    - técnica/o superior de formación profesional

- técnica/o deportiva/o superior

e) Actividades de carácter académico, de mentoría, aprendizaxe-servizo, ciencia cidadá, culturais, deportivas, de representación estudantil e participación nas políticas e actividades de xestión universitarias, no asociacionismo universitario, solidarias, de cooperación e colaboración co contorno e de creación de novas iniciativas sociais e empresariais no ámbito da UDC (a partir de agora, actividades universitarias).

2. Os recoñecementos baseados nos estudos superiores non universitarios [letra d)] e nas actividades universitarias [letra e)] só se lles aplicarán aos estudos de grao.

Ademais, estes recoñecementos xunto cos derivados da experiencia laboral ou profesional [letra c)] estarán suxeitos aos límites que estableza a memoria de verificación do título correspondente.

3. Non se poderán recoñecer parcialmente os créditos dunha materia dentro do título de destino.

### **Artigo 12. Documentación en lingua estranxeira**

1. A documentación que se presente nun idioma distinto do galego ou castelán deberá incluír a súa tradución oficial, realizada por unha persoa profesional da tradución xurada, española ou autorizada polo consulado español no país de orixe.

Como excepción, os documentos en lingua inglesa, francesa, portuguesa ou italiana, poderán ser traducidos pola persoa solicitante. En caso de discrepancia, prevalecerá a tradución que realice ou encargue a UDC.

2. Os documentos que acrediten estudos estranxeiros deberán estar expedidos polas autoridades competentes e debidamente legalizados, agás que procedan de países pertencentes á Unión Europea, Islandia, Liechtenstein, Noruega ou Suíza, en que non será necesaria a legalización.

### **Artigo 13. Inclusión no expediente**

1. As persoas con resolución favorable (total ou parcial) disporán dun prazo de 10 días hábiles, que conta desde o seguinte á recepción da resolución, para realizar as accións necesarias e facer efectivos os recoñecementos no seu expediente académico. A presentación dun recurso contra a resolución non suspenderá este prazo.

Se non é necesaria ningunha acción por parte da persoa solicitante, a resolución terá efectos inmediatos.

2. Se unha vez que transcorra este prazo, a persoa interesada non efectúa as accións solicitadas, entenderase que renuncia á inclusión dos recoñecementos e a resolución quedará sen efecto. Neste caso, poderá volver presentar unha nova solicitude en calquera curso académico posterior en que se matricule.

Con esta nova solicitude terá que pagar novamente as taxas e, se non existen circunstancias que motiven unha modificación na resolución inicial, poderase emitir unha nova resolución sen repetir todo o procedemento establecido.

3. Os créditos recoñecidos só se incorporarán ao expediente unha vez que se acredite o pagamento das taxas correspondentes, agás nos supostos en que non sexa esixible o pagamento.

4. Unha vez incluídos os recoñecementos no expediente, a persoa poderá renunciar a eles para manter a condición de bolseiro ou bolseira, pero non se devolverán, en ningún caso, os importes pagados.

5. A información que se incluírá no expediente do título de destino será, cando menos, a seguinte:

a) Estudos universitarios oficiais: universidade de orixe, denominación dos contidos recoñecidos, tipo, cualificación, ano académico e convocatoria de superación das materias recoñecidas.

b) Estudos universitarios non oficiais: denominación do estudo realizado.

c) Experiencia laboral ou profesional: descrición da actividade laboral realizada.

d) Estudos superiores non universitarios: denominación dos estudos recoñecidos.

e) Actividades universitarias: denominación da actividade realizada.

## **CAPÍTULO II. Recoñecemento por estudos universitarios oficiais**

### *Sección primeira. Criterios para o recoñecemento*

#### **Artigo 14. Criterios xerais**

1. As solicitudes de recoñecemento de créditos baseadas en materias superadas noutros títulos universitarios oficiais resolveranse avaliando a adecuación entre os resultados da aprendizaxe (coñecementos, habilidades e competencias) das materias superadas no título de orixe e os previstos nas correspondentes materias do plan de estudos do título de destino, agás no suposto previsto no segundo parágrafo do artigo 15.1 desta normativa.

Esta adecuación avaliarase independentemente da modalidade de ensino (virtual, híbrida ou presencial) e do réxime de estudos (tempo completo, parcial, réxime adaptado etc.). A falta de coincidencia entre os contidos das materias de orixe e os de destino non será motivo suficiente para denegar o recoñecemento.

2. Non poderán ser utilizados para o recoñecemento os créditos superados:

a) Que se obtivesen mediante o procedemento de avaliación por compensación, compensación curricular ou calquera outro sistema equivalente.

b) Que fosen cursados a través dunha matrícula non oficial.

3. Será necesario o informe do departamento responsable da materia do título de destino para o que se solicita o recoñecemento, agás cando o recoñecemento xa

este incluído nas táboas de recoñecementos ou se trate de créditos optativos sen vinculación con materias concretas do plan de estudos.

4. As persoas que acrediten estudos universitarios oficiais estranxeiros finalizados poderán solicitar o recoñecemento se se cumpren algunha das seguintes condicións:

a) Non solicitaron a homologación dos seus estudos por un título universitario oficial español.

b) Que lles fose denegada a homologación, sempre que non se basease en ningunha das causas recollidas nas letras *b)* e *c)* do artigo 4.2 do Real decreto 889/2022, do 18 de outubro, polo que se establecen as condicións e os procedementos de homologación, de declaración de equivalencia e de validación de ensinanzas universitarias de sistemas educativos estranxeiros e polo que se regula o procedemento para establecer a correspondencia ao nivel do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior dos títulos universitarios oficiais pertencentes a ordenacións académicas anteriores (a partir de agora, Real decreto 889/2022), ou norma que o substitúa.

c) Que lles fose denegada a declaración de equivalencia, sempre que non se basease na causa recollida na letra *d)* do artigo 4.2 do Real decreto 889/2022 ou norma que o substitúa.

d) Obtiveron homologación dun título universitario oficial español, pero agora solicitan recoñecemento nun título diferente ao homologado.

### **Artigo 15. Criterios para estudos de grao**

1. Se o título de orixe e o de destino son graos adscritos ao mesmo ámbito de coñecemento -agás no suposto recollido na letra *c)* do número 2 deste artigo-, recoñecerase toda a formación básica superada no título de orixe, sempre que se cumpran os requisitos do art. 14.1 desta normativa, seguindo esta orde: materias de formación básica, materias obrigatorias e, por último, materias optativas.

Os créditos de formación básica do título de orixe que non se poidan recoñecer por materias de formación básica, obrigatorias ou optativas do título de destino, serán recoñecidos como créditos optativos sen vinculación a materias concretas. Estes créditos computarán para todos os efectos no expediente, agás no caso de que o título de destino esixa a superación de créditos optativos vinculados a materias concretas para obter unha mención ou especialidade. Neste caso, os créditos optativos sen vinculación a materias concretas non poderán substituír os esixidos para obter a mención ou especialidade.

2. O recoñecemento de créditos efectuarase só por materias de formación básica, obrigatoria ou optativa, sempre que se cumpran os requisitos do artigo 14.1, nos seguintes casos:

a) O título de orixe e de destino son graos adscritos a ámbitos de coñecemento diferentes.

- b) O título de orixe é un grao sen ámbito definido (con verificación previa segundo o anexo II).
- c) Os ámbitos dos títulos de orixe e de destino son «Interdisciplinario».
- d) O título de orixe é un mestrado universitario.
- e) O título de orixe pertence á ordenación académica anterior (arquitectura, arquitectura técnica, diplomatura, enxeñaría, enxeñaría técnica ou licenciatura).
- f) O título de orixe é un título estranxeiro.

### **Artigo 16. Criterios para estudos de mestrado universitario**

1. Nos estudos de mestrado universitario só poderán ser obxecto de recoñecemento os créditos procedentes de:

- a) Outros estudos de mestrado universitario ou programas de doutoramento.
- b) Estudos de arquitectura, enxeñaría e licenciatura, pero só por materias superadas no segundo ciclo destes estudos.
- c) Estudos de grao cun mínimo de 300 créditos ECTS, e unicamente para aqueles créditos que cumpran os descritores de nivel 3 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES). Este requisito deberá aparecer expresamente recollido na memoria de verificación do título de orixe, que se poderá consultar a través do Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT).
- d) Estudos de grao, calquera que sexa a súa carga lectiva, pero só para o recoñecemento de complementos formativos do mestrado universitario.
- e) Estudos estranxeiros equivalentes a calquera dos anteriores, coas mesmas limitacións que para os estudos españois.

2. Todos os recoñecementos indicados neste artigo deberán cumprir os requisitos recollidos no artigo 14.1 desta normativa.

### **Artigo 17. Táboas de recoñecementos**

1. Os recoñecementos de créditos que sexan aprobados favorablemente recolleranse nas correspondentes táboas. Estas táboas serán aprobadas pola persoa titular do decanato ou dirección do centro, por proposta da xunta de facultade ou escola. Esta proposta non se pode delegar noutra persoa ou órgano.

2. Unha vez aprobadas, as táboas deberán ser gravadas pola facultade ou escola na aplicación informática de xestión académica.

3. As táboas poderán ser totais -cando inclúan o recoñecemento de todas as materias do título de orixe- ou parciais -cando inclúan só unha parte das materias do título de orixe-.

No caso das táboas parciais, as ampliacións que se leven a cabo como consecuencia do indicado nos dous últimos guións da letra a) do artigo 19.2 seguirán o mesmo procedemento indicado neste artigo.

4. As táboas de recoñecementos terán que se publicar na páxina web do centro, nun apartado específico denominado «Táboas de adaptacións e recoñecementos». Para facilitar o acceso do estudiantado, este apartado aparecerá sen necesidade de facer máis de dous clics desde a páxina principal.

### *Sección segunda. Procedemento*

#### **Artigo 18. Inicio do procedemento de recoñecemento de créditos**

1. O procedemento para solicitar o recoñecemento de créditos iniciárase mediante a solicitude da persoa interesada, que a presentará nos prazos que fixe a UDC para cada curso académico.

2. Na solicitude deberase indicar:

- que créditos superados no título de orixe se desexan utilizar,
- que créditos solicita que sexan recoñecidos no título de destino.

A proposta realizada pola persoa solicitante non será vinculante, é dicir, a resolución final poderá recoñecer créditos distintos aos solicitados.

3. Non se admitirán solicitudes con descrições xenéricas ou pouco concretas dos contidos do título de orixe ou destino. De ser así, a solicitude poderá ser inadmitida.

Porén, sempre que o título de orixe e de destino pertencan ao mesmo ámbito de coñecemento, serán válidas as solicitudes de recoñecemento de créditos optativos sen vinculación a materias concretas, sempre que procedan de materias de formación básica do título de orixe que non teña unha equivalencia por materias concretas no título de destino.

4. Se o título de orixe pertence á UDC non será necesario achegar documentación ningunha.

5. Se o título de orixe pertence a outra universidade será necesario presentar a seguinte documentación:

a) Certificación académica persoal do título de orixe ou suplemento europeo ao título (SET):

- Se os estudos son españois deberán constar os nomes das materias superadas, a súa tipoloxía (básica, obrigatoria, optativa) e a cualificación obtida.
- Se os estudos son estranxeiros deberán constar os nomes das materias e a cualificación e, ademais, haberá que achegar o formulario oficial do ministerio competente para determinar a equivalencia co sistema de cualificación da UDC.

b) Guía docente ou programa de cada materia superada que se desexe recoñecer:

- Debe estar asinada (de xeito electrónico ou manual) ou selada pola universidade de orixe e referida ao curso académico en que se superou a materia.
- Debe incluír os contidos, os resultados de aprendizaxe, a carga lectiva en créditos ou horas semanais e se é unha materia anual ou cuatrimestral.

– Esta documentación non será necesaria se o recoñecemento xa figura nunha táboa aprobada previamente.

– A guía docente ou programa pódese substituír por unha ligazón oficial á súa publicación en internet, sempre que sexa un estudo nacional vixente na data da solicitude.

c) Se os estudos estranxeiros están finalizados haberá que achegar un dos seguintes documentos, en función da situación da persoa solicitante de entre as recollidas no artigo 14.4:

– declaración xurada de que non se solicitou a homologación do título

– copia de denegación da homologación

– copia de denegación da declaración de equivalencia

– copia da homologación a un título diferente ao que se solicita o recoñecemento

### **Artigo 19. Tramitación do procedemento**

1. Unha vez recibida a solicitude, a administración ou a UXAI do centro comprobará que toda a documentación estea completa e correctamente presentada.

No caso de detectar que falta algún documento ou hai erros, solicitaráselle á persoa solicitante que o corrixa no prazo de 10 días hábiles e que utilice o modelo que estableza a vicerreitoría con competencias en materia de titulacións. Se non se realiza a corrección dentro do prazo, a administración ou a UXAI do centro elaborará unha proposta de resolución que recoñeza a desistencia da solicitude, que lle será remitida á persoa titular do decanato ou dirección.

O mesmo ocorrerá se se solicita a presentación do orixinal dalgún documento e este non se achega no prazo indicado no parágrafo anterior.

2. A continuación, a UXAI comprobará se existen táboas de recoñecemento previamente aprobadas para o título de orixe:

a) Se existen táboas de recoñecemento:

– Se dan resposta a toda a solicitude, elaborárase a proposta de resolución directamente e remitiráselle á persoa titular do decanato ou dirección.

– Se dan resposta unicamente a unha parte da solicitude, a parte restante remitiráselles aos departamentos responsables das materias do título de destino para que emitan un informe sobre a adecuación de contidos, as competencias e os resultados de aprendizaxe, segundo o modelo que estableza a vicerreitoría con competencias en materia de titulacións. Os departamentos terán un prazo de 10 días hábiles para emitir ese informe.

• Para elaborar este informe, no referido a resultados de aprendizaxe, os departamentos deberán consultar a memoria de verificación do título de orixe e destino (dispoñibles a través do RUCT), cando esta información non figure na documentación proporcionada polo estudiantado.

- Se algún informe é desfavorable, informarase a persoa solicitante da apertura do trámite de audiencia para que presente alegacións ou documentación adicional e facilitaráselle a copia dos informes negativos emitidos, para o que utilizará o modelo que estableza a vicerreitoría con competencias en materia de titulacións.
- Unha vez rematado o prazo de audiencia ou se a persoa interesada renuncia ao trámite de audiencia, remitiráselle o expediente completo á persoa titular do decanato ou dirección para que se convoque a comisión con competencias en materia de recoñecementos para a súa valoración.
- Tras se reunir, a comisión aprobará unha proposta de resolución, que actualizará a táboa de recoñecementos coas decisións adoptadas. Esta proposta remitiralla a administración ou a UXAI á persoa titular do decanato ou dirección.

– Se non dan resposta a ningunha parte da solicitude, aplicarase o mesmo procedemento anterior, coa única diferenza de que na proposta de resolución non haberá contidos de táboas de recoñecementos que integrar.

b) Se non existen táboas de recoñecemento previamente aprobadas, actuarase igual que no caso anterior [último guión da letra a)] para o que se lles solicitarán informes aos departamentos e se tramitará a proposta segundo corresponda.

### **Artigo 20. Cualificación dos créditos recoñecidos**

A cualificación que figure no expediente académico para os créditos recoñecidos será a que corresponda segundo o previsto no anexo III, agás no caso dos créditos optativos sen vinculación a materias concretas que serán recoñecidos sen cualificación, é dicir, non computarán na nota media do expediente.

## **CAPÍTULO III. Recoñecemento por estudos universitarios non oficiais**

### **Artigo 21. Criterios para o recoñecemento**

Os recoñecementos regulados neste capítulo rexeranse polos mesmos criterios establecidos no artigo 14 desta normativa, agás a excepción do inciso «agás no suposto previsto no segundo parágrafo do artigo 15.1 desta normativa» dese artigo, que non será aplicable neste caso.

### **Artigo 22. Táboas de recoñecemento**

O procedemento para elaborar, aprobar e publicar as táboas de recoñecemento será o mesmo que o establecido no artigo 17 desta normativa.

### **Artigo 23. Procedemento**

O procedemento de solicitude, documentación, tramitación e resolución dos recoñecementos seguirase conforme ao que establecen os artigos 18 e 19.

### **Artigo 24. Cualificacións**

Os créditos recoñecidos ao abeiro deste capítulo non levarán cualificación e, por tanto, non se terán en conta para o cálculo da nota media do expediente académico.

## **Artigo 25. Limitacións**

A suma dos créditos recoñecidos por estudos universitarios non oficiais e por experiencia laboral ou profesional non poderá superar o 15 % do total de créditos do plan de estudos do título a que se accede.

Esta limitación non será de aplicación no caso dos estudos universitarios non oficiais que non se impartan na actualidade, estean extinguidos e fosen substituídos polo título de destino. Neste único suposto poderase exceder a porcentaxe mencionada.

## **CAPÍTULO IV. Recoñecemento de créditos por experiencia laboral ou profesional**

### **Artigo 26. Criterios para o recoñecemento**

1. A experiencia laboral ou profesional debe corresponder a actividades realizadas antes ou durante os estudos para os que se solicita o recoñecemento. Non serán consideradas como experiencia laboral ou profesional as prácticas extracurriculares. As prácticas curriculares e os traballos de fin de estudos realizados no ámbito profesional tampouco serán recoñecidos como experiencia laboral ou profesional, salvo que foran cursados no marco da formación dual universitaria.

2. A experiencia laboral ou profesional poderá ser recoñecida como créditos académicos vinculados a materias concretas ou como créditos optativos sen vinculación a materias concretas, sempre que así se recolla na memoria de verificación do plan de estudos.

3. Para recoñecer a experiencia como créditos de materias concretas do plan de estudos será necesario acreditar que se adquiriron os resultados de aprendizaxe da dita materia, segundo a memoria de verificación do plan de estudos.

4. Para o recoñecemento como créditos optativos xenéricos deberase acreditar que a experiencia laboral ou profesional permitiu adquirir resultados de aprendizaxe relacionados co título.

5. Agás que na memoria verificada do plan de estudos se recolla outra esixencia, o recoñecemento realizarase na proporción dun crédito por cada mes completo de experiencia acreditada a tempo completo ou o seu equivalente a tempo parcial. Dentro destes límites, o recoñecemento efectuarase segundo os criterios específicos que estableza cada centro, que serán públicos e accesibles para o estudantado.

### **Artigo 27. Inicio do procedemento**

1. O procedemento iniciarase por solicitude da persoa interesada, que a presentará nos prazos que fixe a UDC para cada curso académico.

2. Na solicitude deberase indicar que materias concretas ou contidos se solicitan recoñecer no título de destino (materias determinadas ou créditos optativos sen vinculación a materias concretas).

A solicitude non vinculará a resolución que se emita, que poderá conceder o recoñecemento de créditos distintos aos que se solicitaron.

Para estes efectos, a relación de materias susceptibles de recoñecemento por experiencia laboral ou profesional debe estar dispoñible na web do centro, nun apartado específico titulado «Táboas de adaptacións e recoñecementos», accesible con dous clics, como máximo, desde a páxina principal.

3. Non se admitirán solicitudes con indicacións xenéricas sobre as materias que se desexa recoñecer. No caso de se producir, serán inadmitidas.

4. Agás que a memoria verificada do plan de estudos estableza o contrario, xunto coa solicitude terá que se presentar a seguinte documentación:

a) Informe de vida laboral, expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, que acredite o nome da/s empresa/s e a antigüidade laboral no grupo de cotización correspondente ou documento equivalente do país onde se realizase a actividade.

Se a persoa traballa por conta propia ou allea, deberá presentar un certificado da Tesouraría Xeral da Seguridade Social dos períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente ou documento equivalente do país onde se realizase a actividade.

b) Memoria descritiva das actividades ou tarefas desenvolvidas e o tempo durante o que se desenvolveron.

c) Certificados de empresa das tarefas desenvolvidas e calquera outro documento que permita comprobar e avaliar a experiencia e a súa relación cos contidos e competencias do título ou materia que se quere recoñecer.

### **Artigo 28. Tramitación do procedemento**

1. Seralles de aplicación o disposto no artigo 19.1. aos recoñecementos regulados neste capítulo.

2. Unha vez recibida toda a documentación, a Administración ou a UXAI comprobará a existencia ou non de antecedentes que dean resposta ao recoñecemento solicitado. A partir de aí, seguirase o procedemento establecido no artigo 19.2, substituindo as referencias á existencia de «táboas de recoñecemento» pola existencia de «antecedentes que dean resposta á solicitude» e as referencias ás «guías ou programas das materias do título de orixe» polos contidos recollidos nas letras *b)* e *c)* do artigo 27.4.

### **Artigo 29. Cualificacións**

Os créditos recoñecidos por experiencia laboral ou profesional non levarán cualificación e non computarán para a nota media do expediente.

### **Artigo 30. Limitacións**

A suma dos créditos recoñecidos por experiencia laboral ou profesional e por estudos universitarios non oficiais non poderá superar o 15 % do total de créditos do plan de estudos do título que se pretende obter.

No caso de que os estudos non oficiais estean extinguidos, non se impartan actualmente e foran substituídos polo título oficial de destino, o límite do 15 % aplicaráselles só aos créditos recoñecidos pola experiencia laboral ou profesional.

## **CAPÍTULO V. Recoñecemento por estudos superiores non universitarios**

### **Artigo 31. Criterios para o recoñecemento**

1. As solicitudes de recoñecemento de créditos baseadas en estudos superados en títulos superiores non universitarios avaliaranse tendo en conta a relación directa entre os estudos realizados e os de grao, tal e como establece o anexo 2 do Real decreto 1618/2011, do 14 de novembro, sobre recoñecemento de estudos no ámbito da educación superior, ou normativa que o substitúa.

2. De existir esta relación directa, poderase recoñecer o seguinte número de créditos nos estudos de grao:

- a) Por un título de graduada/o en ensinanzas artísticas: ata 36 créditos ECTS.
- b) Por un título de técnica/o superior de artes plásticas e deseño: ata 30 créditos ECTS.
- c) Por un título de técnica/o superior de formación profesional: ata 30 créditos ECTS.

No caso de que se subscriba un convenio entre un centro da UDC e un centro de formación profesional de grao superior -aprobado tanto polo órgano de goberno da Universidade como polo departamento competente en materia de formación profesional da comunidade autónoma- poderase recoñecer ata o vinte e cinco por cento (25 %) dos créditos totais do título de grao que corresponda.

- d) Por un título de técnica/o deportiva/o superior: ata 27 créditos.

### **Artigo 32. Táboas de recoñecemento**

1. Serán de aplicación as previsións recollidas nos apartados 1, 2 e 4 do art. 17.
2. Calquera modificación das táboas xa aprobadas deberá seguir o procedemento regulado nos artigos 33 e 34.

### **Artigo 33. Iniciación do procedemento**

1. O procedemento iniciarase mediante a solicitude da persoa interesada, que a presentará nos prazos que estableza a UDC para cada curso académico
2. Na solicitude, a persoa interesada terá que detallar os créditos do título de destino que desexa recoñecer. Se na solicitude engade créditos do título de destino non

incluídos nas táboas de recoñecementos, deberá indicar, ademais, os contidos do título de orixe que darán lugar ao dito recoñecemento.

3. Non se admitirán solicitudes con indicacións xenéricas nin sobre os contidos de orixe ou de destino. A presentación de datos incompletos suporá a inadmisión da solicitude.

4. A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

a) Certificado académico dos estudos de orixe, que inclúa a nota media do expediente e a data de pagamento dos dereitos de expedición do título. Se esta última non figura no certificado, poderase presentar o título.

b) No caso de estudos estranxeiros homologados en España será necesario achegar tamén a credencial de homologación oficial.

#### **Artigo 34. Instrución do procedemento**

O proceso de tramitación seguirá o previsto no artigo 19. No caso de solicitudes de recoñecementos fóra das táboas aprobadas, substituirase a referencia das «guías ou programas das materias do título de orixe» polos «contidos do dito título publicados no *Boletín Oficial do Estado*».

A administración ou UXAI encargarse de localizar o boletín ou diario oficial onde se publicase o currículo do título de orixe.

#### **Artigo 35. Cualificacións**

A cualificación que figurará no expediente académico será a correspondente á nota media do título de orixe, de acordo coas previsións que establece o anexo III.

### **CAPÍTULO VI. Recoñecemento académico de créditos por participar en actividades universitarias**

#### **Artigo 36. Disposicións xerais**

1. Nas titulacións de grao poderase recoñecer a participación do estudiantado nas actividades universitarias indicadas no artigo 11.1 e).

Esta participación poderá dar lugar ao recoñecemento dun mínimo de 6 e un máximo de 12 créditos optativos do plan de estudos que se está a cursar, sen vinculación a materias concretas, agás que na memoria de verificación se indique o contrario. Só se admitirán as solicitudes cando a suma dos créditos que consten nas certificacións, por si soas ou xunto con outros créditos optativos sen vinculación a materias concretas previamente recoñecidos, acade o número de créditos dunha materia optativa do plan de estudos, mesmo se este número é inferior a 6 créditos ECTS.

2. Só se poderán recoñecer as actividades universitarias incluídas no anexo I desta normativa, onde tamén se indica o número de créditos asignados a cada unha.

3. Para poder optar ao recoñecemento, a actividade terá que se desenvolver mentres a persoa solicitante estiver matriculada na UDC en estudos do mesmo nivel MECES ou superior.

4. Non se poderá recoñecer unha actividade que xa forme parte do plan de estudos do grao que se está a cursar.

5. As actividades universitarias recoñecidas nun grao non poderán ser recoñecidas noutro grao distinto.

### **Artigo 37. Procedemento**

O procedemento de recoñecemento de créditos terá as seguintes fases de tramitación:

1. A persoa interesada terá que lle solicitar ao órgano correspondente (anexo I), a acreditación de que realizou as actividades universitarias para as que solicita o recoñecemento. Nesta solicitude indicará a titulación e o centro en que está matriculada.

Estará exento/a de realizar esta solicitude:

- a) Quen realizase actividades universitarias que a Administración acredite de oficio.
- b) Quen posúa certificados oficiais emitidos polo órgano competente, de asistencia ou superación, co contido completo que conste nunha acreditación.

2. O órgano responsable expedirá a acreditación da actividade, agás nos casos do apartado anterior, e entregaralla á persoa solicitante.

3. A persoa interesada deberá presentar a solicitude de recoñecemento de créditos académicos nos prazos que estableza a UDC para cada curso académico.

4. A solicitude terá que ir acompañada da/s certificación/s mencionada/s no apartado 2 e do xustificante de pagamento das taxas que corresponderen, se é o caso, por este concepto.

5. Unha vez aprobado o recoñecemento, a Administración ou UXAI que corresponda, incluírá os créditos no expediente académico do estudantado. Este recoñecemento non levará cualificación numérica.

### **Artigo 38. Limitacións**

Non se poderá recoñecer unha actividade se no grao que se está cursando xa existe algunha materia con contidos ou resultados de aprendizaxe coincidentes parcial ou totalmente.

Esta limitación non será de aplicación no caso de recoñecemento de cursos realizados na *International Summer School* da UDC.

## TÍTULO IV. Transferencia de créditos

### Artigo 39. Procedemento

1. O procedemento iníciase por solicitude da persoa interesada, que a presentará nos prazos que estableza a UDC para cada curso académico.
2. Na solicitude, a persoa interesada deberá detallar os créditos do título de orixe que desexa transferir, sempre que estes non foran recoñecidos previamente no título de destino.
3. Non se admitirán na solicitude indicacións xenéricas de contidos do título de orixe. No caso de se producir, a solicitude será inadmitida.
4. Se o título de orixe non pertence á UDC, será necesario presentar:
  - a) Certificación académica persoal do título de orixe.
  - b) Declaración responsable de que non se utilizaron no mesmo título de destino os contidos que se solicita transferir e de non que se remataron os estudos do título de orixe. Para este efecto poderase utilizar o modelo que estableza a vicerreitoría con competencias en materia de titulacións.

No caso de documentación estranxeira aplicarase o que dispón o artigo 12.

5. Unha vez recibida a solicitude, a administración ou UXAI comprobará que a documentación achegada, de ser o caso, cumpre os requisitos esixidos.

Se faltan documentos ou algún presenta defecto, requirirase a persoa solicitante para que o corrixa nun prazo de 10 días hábiles, mediante o modelo que estableza a vicerreitoría con competencias en materia de titulacións.

Se transcorre o dito prazo sen que se emende, elaborárase unha proposta de resolución de desistencia da solicitude, que se lle remitirá á persoa titular do decanato ou dirección. O mesmo ocorrerá se se require a presentación de documentos orixinais para a súa verificación e a persoa solicitante non o realiza en prazo.

6. Se a documentación está completa e correcta, a administración ou UXAI elaborará a proposta de resolución e remitiralla á persoa titular do decanato ou dirección do centro.

### Artigo 40. Inclusión no expediente

1. As resolucións de transferencia serán inmediatamente executivas e corresponderalle á Administración ou UXAI incluílas no expediente académico da persoa solicitante.
2. Unha vez incluídas as transferencias no expediente non se poderá renunciar a elas.
3. A inclusión no expediente recollerá os seguintes datos, segundo consten na certificación académica do título de orixe: a universidade de orixe, o nome da materia, a súa tipoloxía, a carga lectiva e a cualificación.

### **Disposición adicional primeira. Solicitude de información previa para estudantes de preinscrición e de cambio de universidade e/ou estudos**

1. O estudantado que, tras cursar total ou parcialmente estudos noutra universidade, desexe solicitar a admisión a estudos universitarios da UDC polo procedemento de preinscrición, disporá do prazo que se estableza en cada curso académico para consultar os resultados dunha posible solicitude de recoñecementos que non figuren nas correspondentes táboas, sen necesidade de estar matriculado no título de destino. De non o facer, deberá solicitar o recoñecemento tras a matrícula, nos prazos que determine a UDC.

2. O estudantado que, tras cursar parcialmente estudos noutra universidade, queira solicitar a admisión na UDC polo procedemento de cambio de universidade e/ou estudos, disporá tamén do prazo que se estableza en cada curso académico para solicitar un estudo previo do seu expediente co obxectivo de coñecer o resultado dunha posible solicitude de recoñecementos que non figuren nas correspondentes táboas, sen necesidade de estar matriculado no título de destino. De non o facer, a súa solicitude de cambio de universidade e/ou estudo, será denegada.

3. As solicitudes indicadas nos apartados anteriores estarán suxeitas ao pagamento da taxa que estableza o Consello Social. Esta taxa será descontada posteriormente do importe de matrícula no caso de resolución favorable e posterior admisión.

4. O procedemento para resolver estas solicitudes será o que establecen os artigos 18 e 19 desta normativa.

5. A resolución destas solicitudes emitirase de acordo co modelo que estableza a vicerreitoría con competencias en materia de titulacións e non terá efectos executivos como unha resolución definitiva de recoñecemento. Porén, unha vez efectuada a matrícula nos estudos de destino, esta resolución poderase empregar como documentación suficiente para integrar os recoñecementos, sempre que non se producise unha modificación nos contidos do título de destino que deixe sen efecto os termos da consulta inicial.

### **Disposición adicional segunda. Programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións con itinerario específico e múltiples titulacións**

1. Nos programas de simultaneidade da UDC, aplicarase o previsto nas táboas de recoñecementos recollidas nas súas respectivas normativas reguladoras.

2. Nos programas académicos de múltiples titulacións subscritos entre a UDC e outras universidades, nacionais ou estranxeiras, aplicarase o previsto no convenio de colaboración subscrito entre as partes. Na súa ausencia, aplicarase o que acorde o órgano competente previsto no dito convenio.

### **Disposición adicional terceira. Ensinanzas conxuntas ou interuniversitarias**

As previsións do apartado 2 da disposición adicional segunda tamén lle serán de aplicación ás ensinanzas conxuntas que conduzan a un único título oficial de grao ou mestrado universitario.

### **Disposición adicional cuarta. Títulos de grao da UDC non adscritos a ámbitos**

Os recoñecementos nestes títulos regularanse de acordo coas seguintes previsións:

1. Se o recoñecemento de créditos se solicita por estudos universitarios oficiais e o título de orixe é un grao:

a) Se está adscrito a rama de coñecemento (esteá ou non adscrito a un ámbito), regularase:

– Para as materias de formación básica da mesma rama de coñecemento, o establecido nas letras *a)* e *b)* do artigo 2 da Normativa de recoñecemento e transferencia de créditos para titulacións adaptadas ao espazo europeo de educación superior (EEES), pola que se desenvolve o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, modificado polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (aprobada polo Consello de Goberno do 30/06/2011).

– Para o resto de materias aplicarase esta normativa.

b) Se está adscrito unicamente a un ámbito, pero non a unha rama de coñecemento, regularase polo establecido nos artigos 14.1 e 19 desta normativa.

2. O resto de recoñecementos regularanse polo establecido nesta normativa.

### **Disposición adicional quinta. Títulos de mestrado universitario da UDC non adscritos a ámbitos**

Os recoñecementos nestes títulos regularanse polo disposto nos artigos 14.1 e 19 desta normativa.

### **Disposición transitoria. Recoñecemento académico de créditos pola participación en actividades universitarias realizadas ao amparo da normativa anterior**

O/a estudante que realizou as actividades universitarias recollidas no Anexo I antes da entrada en vigor desta normativa poderá facer valer o número de créditos recoñecidos conforme á normativa anterior cando resulte imprescindible para que o/a estudante poida defender o TFG durante o curso 2025/2026 e ata a convocatoria adiantada do curso 2026/2027.

Calquera outra situación derivada da aplicación da nova normativa que poida producir danos de difícil reparación ao estudantado será resolta pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización conforme aos principios da boa fe e protección da

confianza lexítima, previa presentación pola persoa interesada dunha solicitude debidamente motivada.

### **Disposición derogatoria. Derrogación normativa**

1. Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido nesta normativa.

2. Nomeadamente, quedan derogadas as seguintes normas:

a) A Normativa de recoñecemento e transferencia de créditos para titulacións adaptadas ao EEES, pola que se desenvolve o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, modificado polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (aprobada polo Consello de Goberno do 30/06/2011), agás o previsto na letra a) do apartado 1 da disposición adicional cuarta, ata que todos os títulos da Universidade da Coruña estean adscritos a un ámbito de coñecemento.

b) A Normativa mediante a que se establece o procedemento para o recoñecemento académico de créditos por participación en actividades universitarias de cooperación, solidarias, culturais, deportivas e de representación estudantil nos graos da UDC, aprobada polo Consello de Goberno o 27/04/2023.

c) A Resolución reitoral do 23/11/2023, pola que se establecen as actividades polas que se recoñecen créditos nos estudos de grao, pola participación en actividades universitarias de cooperación, solidarias, culturais, deportivas e de representación estudantil.

### **Disposición final primeira. Habilitación**

Habilítase a vicerreitoría con competencias en materia de titulacións para modificar os anexos desta normativa, desenvolver as súas disposicións e interpretar as dúbidas que poidan xurdir da súa aplicación, mediante as instrucións que sexan oportunas, que deberán ser publicadas no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC no caso de ter alcance xeral.

### **Disposición final segunda. Entrada en vigor**

Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no TEO da UDC, e será de aplicación a partir do curso académico 2025/26, incluído este.

O reitor

Ricardo José Cao Abad

## **ANEXO I. Recoñecemento académico de créditos polo aproveitamento da participación en actividades universitarias**

### **A) Representación do estudiantado nos órganos de goberno e representación da Universidade e noutras comisións**

1. A participación do estudiantado como representante poderá dar lugar ao recoñecemento académico de créditos sempre que esta participación se realice:

- a) no Claustro, no Consello de Goberno ou no Consello Social
- b) no Consello do Estudiantado
- c) en consellos de departamento, xuntas de centro ou consellos de institutos universitarios
- d) na Comisión Interna da Universidade (Programa Docentia)
- e) nos comités de avaliación docente (Programa Docentia)
- f) na estrutura da Alianza de Universidades Europeas EMERGE.

2. Poderanse recoñecer 1,5 créditos ECTS por curso académico ou fracción, sempre que esta participación comprenda, como mínimo, a extensión dun cuadrimestre lectivo dese curso.

3. Para solicitar este recoñecemento, o estudiantado interesado terá que achegar a correspondente acreditación ante:

- A Secretaría Xeral no caso das actividades dos apartados a) e b).
- A vicerreitoría con competencias en materia de xestión académica para os apartados c) e d).
- A vicerreitoría con competencias en materia de internacionalización no caso do apartado e).
- De ser o caso, tamén se poderá presentara a solicitude ante a secretaría do órgano que corresponda, coa indicación das datas de inicio e remate da súa participación.

4. A Secretaría Xeral, a vicerreitoría competente ou, se corresponde, a secretaría do órgano ou comisión en que se participou será a encargada de acreditar, mediante unha certificación, a participación efectiva na representación, sempre que a persoa interesada non supere o 20 % de ausencias non xustificadas ás reunións do órgano ou comisión correspondente.

### **B) Actividades deportivas**

1. O estudiantado poderá obter recoñecemento académico de créditos pola súa participación nas seguintes actividades deportivas, organizadas ou promovidas pola vicerreitoría con competencias en materia de deporte:

- a) Formación en escolas deportivas da UDC
  - 3 créditos ECTS por escola con asistencia anual
  - 1,5 créditos ECTS por escola con asistencia cuadrimestral
- b) Cursos de formación deportiva

- 1,5 créditos ECTS cada 30 horas de formación
- c) Actividades dirixidas de exercicio e saúde
  - 3 créditos ECTS por actividade con asistencia anual
  - 1,5 créditos ECTS por actividade, con asistencia cuatrimestral
- d) Participación en ligas universitarias
  - Se participan 10 ou máis equipos: 2 créditos ECTS para as persoas que conforman os tres primeiros equipos clasificados
  - Se participan menos de 10 equipos: 2 créditos ECTS para as persoas que conforman o equipo campión
- e) Equipos federados propios da UDC:
  - 1,5 créditos ECTS por curso académico
- f) Campionatos universitarios
  - Internos:
    - con 10 ou máis participantes: 1,5 créditos ECTS ás tres primeiras persoas clasificadas
    - con menos de 10 participantes: 1,5 créditos ECTS só para as persoas campioas
  - Campionatos galegos:
    - modalidades individuais: 2 créditos ECTS para as tres primeiras persoas clasificadas
    - modalidades por equipos: 2 créditos ECTS só para as persoas campioas
  - Fase interzonal:
    - 2 créditos ECTS
  - Campionatos de España:
    - 3 créditos ECTS e 1,5 créditos ECTS adicionais no caso de obter medalla
  - Universiada, campionatos de Europa ou do Mundo
    - 9 créditos ECTS
  - Deportistas de alto nivel:
    - 5 créditos ECTS por representar a Universidade da Coruña na fase final dos campionatos de España, Europa ou do Mundo
- g) Xogos Galaico-Durienses:
  - 1 crédito ECTS para as persoas que conforman os tres primeiros equipos clasificados

2. Para poder recoñecer estes créditos será obrigatorio asistir, polo menos, ao 85 % das horas da actividade programada pola Área de Deportes (escolas deportivas, cursos de formación, actividades dirixidas, competicións, equipos federados, campionatos universitarios, xogos Galaico-Durienses).

Non se poderá solicitar o recoñecemento por participar en máis de:

- dúas escolas deportivas ou cursos por ano académico e por estudante
- dúas ligas deportivas por ano académico e por estudante

3. O estudiantado interesado terá que solicitar o recoñecemento presentando a acreditación correspondente perante a vicerreitoría con competencias en materia de deporte, coa indicación da actividade que realizou e o período de participación.

A vicerreitoría acreditará, mediante unha certificación, a participación efectiva na actividade, para os efectos do recoñecemento académico.

### **C) Actividades culturais e de divulgación promovidas e/ou coordinadas pola vicerreitoría con competencias en materia de cultura.**

1. O estudiantado poderá obter o recoñecemento académico de créditos pola súa participación nas seguintes actividades culturais:

a) Participación na Aula de Danza, Música ou de Teatro da UDC: máximo 1,5 créditos ECTS por curso académico.

b) Participación en obradoiros, cursos ou ciclos de cinema e actividades equivalentes: 1,5 créditos ECTS por cada 30 horas, ata un máximo de 3 créditos ECTS por actividade.

c) Participación en obradoiros, feiras ou actividades divulgativas organizadas pola Unidade de Divulgación Científica e Cultural da UDC: 1 crédito ECTS por cada 20 horas, ata un máximo de 3 créditos ECTS por curso académico.

d) Participación en actividades culturais e educativas organizadas con outras institucións con convenios de colaboración asinados coa UDC: 1 crédito ECTS por cada 20 horas, ata un máximo de 3 créditos ECTS por actividade.

2. Para obter o recoñecemento será obrigatorio asistir, polo menos, ao 85 % das horas da actividade.

Non se poderá solicitar o recoñecemento por participar en máis de dous obradoiros por curso académico e por estudante.

3. O estudiantado interesado terá que solicitar o recoñecemento presentando a acreditación correspondente perante a vicerreitoría con competencias en materia de divulgación e/ou cultura, coa indicación da actividade que realizou e o período de participación.

A vicerreitoría acreditará, mediante unha certificación, a participación efectiva na actividade, para os efectos do recoñecemento académico.

### **D) Actividades organizadas ao abeiro de convocatorias de axudas ou directamente pola vicerreitoría con competencias en materia de divulgación e/ou cultura**

1. O estudiantado poderá obter recoñecemento académico de créditos pola súa participación nas seguintes actividades:

a) Cursos de verán oficiais da UDC: 1,5 créditos ECTS por cada 30 h, ata un máximo 3 créditos ECTS por curso académico.

b) Cursos de extensión universitaria: 1 crédito ECTS por cada 20 horas ata un máximo de 3 créditos ECTS por curso académico.

c) Actividades organizadas polos centros, departamentos, institutos universitarios ou persoal docente e investigador: 1,5 créditos ECTS por cada 30 horas de actividade.

2. Para poder obter o recoñecemento, será obrigatorio asistir, polo menos ao 85 % das horas da actividade.

Non se poderá solicitar o recoñecemento por participar en máis de dous obradoiros por curso académico e por estudante.

3. O estudantado interesado terá que solicitar o recoñecemento presentando a acreditación correspondente perante a vicerreitoría con competencias en materia de divulgación e/ou cultura, coa indicación da actividade que realizou e o período de participación.

A vicerreitoría acreditará, mediante unha certificación, a participación efectiva na actividade, para os efectos do recoñecemento académico.

### **E) Actividades organizadas ao abeiro de convocatorias de axudas e de representación do estudantado nos órganos que dependen da vicerreitoría con competencias en materia de estudantado**

1. O estudantado poderá obter recoñecemento académico de créditos pola súa participación nas seguintes actividades:

a) Actividades promovidas polas asociacións de estudantes inscritas no Rexistro de Asociacións de Estudantes da UDC: 1,5 créditos ECTS por cada 30 horas de actividade, ata un máximo de 3 créditos ECTS por actividade.

b) Programa «Correspondentes universitarios»: 1 crédito ECTS por cada 20 horas, ata un máximo de 3 créditos ECTS por curso académico.

A coordinación do programa do centro correspondente emitirá un informe sobre a actividade realizada.

c) Actividades de difusión e divulgación das titulacións, promovidas e organizadas polo Servizo de Estudantes: 1 crédito ECTS por cada 20 horas, ata un máximo de 3 créditos ECTS por curso académico.

d) Representación do estudantado no Consello de Residentes da Residencia Universitaria Elvira Bao e da Residencia Universitaria Pública de Ferrol: 1 crédito ECTS por curso académico ou fracción, sempre que esta inclúa, polo menos, un cuadrimestre lectivo.

2. O estudantado interesado terá que solicitar o recoñecemento presentando a acreditación correspondente perante a vicerreitoría con competencias en materia de estudantado, coa indicación da actividade que realizou e o período de participación.

A vicerreitoría acreditará, mediante unha certificación, a participación efectiva na actividade, para efectos do recoñecemento académico. No caso das actividades recollidas no apartado d), a persoa interesada non pode superar o 20 % de ausencias non xustificadas ás reunións do Consello de Residentes.

## **F) Actividades de formación en programas de empregabilidade, emprendemento e xeración de talento organizados ou promovidos pola vicerreitoría con competencias en materia de empregabilidade**

1. O estudiantado que participe en programas formativos dirixidos ao coñecemento de ferramentas básicas para adquirir habilidades que favorezan a súa futura empregabilidade ou ao fomento do talento poderá obter recoñecemento de créditos, de acordo cos seguintes criterios:

a) Participación en programas de empregabilidade e xeración de talento: 1 crédito ECTS por cada 20 horas de formación, ata un máximo de 3 créditos ECTS por curso académico, sempre que a entidade promotora certifique que completou o programa.

b) Participación en programas de emprendemento promovidos pola vicerreitoría: 1 crédito ECTS por cada 20 horas de formación, ata un máximo de 4,5 créditos ECTS por curso académico, sempre que a entidade promotora certifique que completou o programa.

2. O estudiantado interesado terá que solicitar o recoñecemento presentando a acreditación correspondente perante a vicerreitoría con competencias en materia de empregabilidade, coa indicación da actividade que realizou e o período de participación.

A vicerreitoría acreditará, mediante unha certificación, a participación efectiva na actividade, para os efectos do recoñecemento académico.

## **G) Actividades de internacionalización organizadas pola vicerreitoría con competencias en materia de internacionalización e/ou a Oficina de Relacións Internacionais (ORI) da UDC**

1. O estudiantado poderá obter o recoñecemento de créditos pola súa participación nas seguintes actividades vinculadas á internacionalización:

a) Programa de acollida de estudiantado internacional, incluídos os programas de *mentoring* organizados polos distintos centros: 0,5 créditos ECTS por semestre.

b) Programas académicos específicos organizados pola UDC ou en que participe como socia, financiados ao abeiro de programas de educación da Unión Europea: ata 1,5 créditos ECTS.

Será necesario que o estudiantado entregue un informe do coordinador ou coordinadora no momento de realizar a solicitude.

c) Participación en *Blended Intensive Programs* (BIP) do programa Erasmus+: 3 créditos ECTS por curso realizado, ata un máximo de 6 créditos ECTS.

d) Cursos da *International Summer School* da UDC: 3 créditos ECTS por curso, ata un máximo 9 créditos ECTS.

2. O estudiantado interesado terá que solicitar o recoñecemento presentando a acreditación correspondente perante a vicerreitoría con competencias en materia de internacionalización coa indicación da actividade que realizou e o período de participación.

A vicerreitoría acreditará, mediante unha certificación, a participación efectiva na actividade, para os efectos do recoñecemento académico.

## **H) Actividades formativas en programas de educación para a sustentabilidade**

1. O estudiantado que participe en programas formativos relacionados coa educación para a sustentabilidade organizados pola Oficina de Sustentabilidade da vicerreitoría con competencias en materia de sustentabilidade, poderá obter recoñecemento académico de créditos, de acordo cos seguintes criterios:

- a) Recoñecerase 1 crédito ECTS por cada 20 horas de formación.
- b) Poderanse recoñecer ata un máximo de 3 créditos ECTS por curso académico.

2. O estudiantado interesado terá que solicitar o recoñecemento presentando a acreditación correspondente perante a Oficina de Sustentabilidade dependente da vicerreitoría con competencias en materia de sustentabilidade, coa indicación da actividade que realizou e o período de participación.

A vicerreitoría acreditará, mediante unha certificación, a participación efectiva na actividade, para efectos do recoñecemento académico.

## **I) Actividades organizadas polos campus de especialización da UDC**

1. O estudiantado poderá obter o recoñecemento académico de créditos pola súa participación nas seguintes actividades organizadas pola oficina do correspondente campus de especialización:

- a) Promoción de actividades relacionadas coa internacionalización do campus de especialización, como *Staff Week*, *International Summer School*, ou outras similares: 1 crédito ECTS por cada 20 horas de participación.
- b) Promoción de actividades de transferencia, como congresos sectoriais, feiras empresariais, actividades de *Hackathon* ou outras actividades: 1 crédito ECTS por cada 20 horas de participación.
- c) Promoción de actividades para captar estudiantado, como campamentos de verán, feiras científicas, xornadas de portas abertas: 1 crédito ECTS por cada 20 horas de participación.
- d) Asistencia a actividades de formación organizadas polo campus de especialización: 1,5 créditos ECTS por cada 30 horas de participación.

2. Para as actividades a), b) e c) só se poderán recoñecer ata un máximo de 3 créditos ECTS por curso académico.

3. O estudiantado interesado terá que solicitar o recoñecemento presentando a acreditación correspondente perante a vicerreitoría con competencias en materia de campus de especialización, coa indicación da actividade que realizou e o período de participación.

A vicerreitoría acreditará, mediante unha certificación, a participación efectiva na actividade, para os efectos do recoñecemento académico.

## **J) Aprendizaxe lingüística en cursos regulares do Centro de Linguas (CL) da UDC**

1. O estudantado que realizase cursos regulares no CL da UDC poderá obter o recoñecemento académico de créditos por actividades de aprendizaxe lingüística, de acordo cos seguintes criterios:

- a) Por cursos regulares: 1 crédito ECTS por cada 20 horas de formación.
- b) Por cursos regulares dunha lingua que o estudantado xa cursara no bacharelato só se recoñecerán créditos por cursos a partir do nivel B1 ou superior. Será necesario que a/o estudante achegue unha copia do expediente de bacharelato para a súa comprobación.
- c) Por cursos de idiomas realizados durante programas de mobilidade internacional na universidade de destino: 1 crédito ECTS por cada 20 horas de curso, sempre que o curso estea certificado pola universidade de destino e non figure recoñecido no contrato de estudos como parte do propio plan de estudos.

2. O estudantado de grao que teña un idioma como materia obrigatoria no seu plan de estudos só poderá obter o recoñecemento de créditos por cursos a partir do nivel B2 ou superior.

3. O estudantado de grao que teña un idioma como materia optativa no seu plan de estudos só poderá obter o recoñecemento de créditos por cursos a partir do nivel B1 ou superior.

4. Non se recoñecerán créditos por cursos de linguas que sexan requisito de acceso, continuidade ou finalización do grao correspondente.

5. O estudantado de graos de estudos lingüísticos e literarios non poderá obter o recoñecemento de créditos por cursos da lingua que constituía a súa especialidade.

6. Para poder obter o recoñecemento de créditos será necesaria unha asistencia mínima (certificada) ás clases do 85 %, alén de superar as probas correspondentes.

7. Non se recoñecerán créditos por cursos de conversa ou cursos sen avaliación final nin progreso verificable mediante probas.

8. O estudantado interesado terá que solicitar o recoñecemento presentando a acreditación correspondente perante a vicerreitoría con competencias en materia de internacionalización, coa indicación da actividade que realizou e o período de participación.

A vicerreitoría acreditará, mediante unha certificación, a participación efectiva na actividade, para os efectos do recoñecemento académico.

## **K) Cursos e actividades organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística (SNL)**

1. O estudantado poderá obter o recoñecemento académico de créditos polos seguintes cursos/actividades:

a) Participar en actividades organizadas polo SNL ou polas comisións de normalización lingüística dos centros, dentro das convocatorias promovidas polo SNL: 1 crédito ECTS por cada 15 horas de participación, ata un máximo de 3 créditos por curso.

b) Estudantado que estudou bacharelato fóra da Comunidade Autónoma de Galicia ou que non cursou lingua galega no bacharelato poderá obter un recoñecemento de 3 créditos ECTS por cursaren e superaren o curso de Iniciación, organizado pola UDC.

2. O estudantado interesado terá que solicitar o recoñecemento presentando a acreditación correspondente perante a vicerreitoría con competencias en materia de normalización lingüística, coa indicación da actividade que realizou e o período de participación.

A Secretaría Xeral acreditará, mediante unha certificación, a participación efectiva na actividade, para os efectos do recoñecemento académico.

### **L) Cursos de formación en información documental do Servizo de Biblioteca**

1. O estudantado poderá obter recoñecemento académico de créditos por cursos formativos organizados polo Servizo de Biblioteca, destinados a mellorar o coñecemento da información documental e o uso das ferramentas bibliográficas. Recoñecerase 1 crédito ECTS por cada 20 horas de formación, ata un máximo de 3 créditos ECTS por curso académico.

2. Para obter o recoñecemento será necesario asistir, polo menos, ao 85 % das sesións formativas e, superar as probas correspondentes, de ser o caso.

3. O estudantado interesado terá que solicitar o recoñecemento presentando a acreditación correspondente perante a vicerreitoría con competencias en materia de bibliotecas, coa indicación da actividade que realizou e o período de participación.

A vicerreitoría acreditará, mediante unha certificación, a participación efectiva na actividade, para os efectos do recoñecemento académico.

### **M) Participación como persoa mentora no “Plan de Acción Titorial” (PAT)**

1. A UDC recoñécelles a figura de «estudante mentor/a do PAT» a estudantes de grao con experiencia na universidade, que guían e asesoran o estudantado do seu centro que se incorpora por primeira vez á universidade. Este estudantado mentor poderá obter unha acreditación ao final de cada cuadrimestre, segundo os seguintes criterios:

a) Estar matriculada/o no terceiro curso ou posterior dun grao do centro en que se desenvolvan as actividades de mentoría.

b) En graos en proceso de implantación será suficiente estar matriculado/a en segundo curso.

c) Nos programas de simultaneidade de estudos que se imparten en diferentes centros, poderase exercer a mentoría institucional en ambos.

d) No caso de graos abertos, poderá ser mentora ou mentor quen estiver matriculado/a o primeiro curso do grao aberto en que desenvolve as súas actividades de mentoría.

2. Recoñeceranse 1,5 crédito ECTS por cada cuadrimestre en que o estudiantado realice funcións de mentoría institucional no PAT.
3. O recoñecemento realizarao de oficio a vicerreitoría competente, logo de recibir o informe da coordinación do PAT do centro correspondente, que lle será enviado ao estudiantado mentor despois da finalización do período da actividade.

#### **N) Actividades de titorización derivadas da participación previa no programa *Mentoring STEMbach UDC***

1. O STEMbach, ou Bacharelato de Excelencia en Ciencias e Tecnoloxía promove o interese do estudiantado de bacharelato pola investigación científica e tecnolóxica e fomenta unha mentalidade científica baseada no rigor, a orde e o pensamento crítico. O estudiantado da UDC que participase previamente neste programa poderá participar no programa de mentoría Mentoring STEMbach UDC.

2. O estudiantado interesado en participar neste programa de mentoría terá que llo solicitar á persoa responsable da coordinación do STEMbach da UDC e achegar a certificación acreditativa da dirección do centro onde realizou os estudos correspondentes ao bacharelato STEMbach.

3. O estudiantado poderá obter recoñecemento académico de 1,5 créditos ECTS por curso académico en que realice funcións como mentor/a, ata un máximo de 6 créditos ECTS.

As actividades que se desenvolverán no programa de titorización consistirán en apoiar o estudiantado que estea cursando o Bacharelato STEMbach, participar nas xornadas de benvinda da UDC, colaborar nas xornadas de portas abertas ou en actividades divulgativas, culturais ou similares, promovidas ou en que participe a UDC. Estas actividades realizaranse baixo a supervisión das vicerreitorías, centros ou unidades correspondentes da UDC, que emitirán un informe das actuacións realizadas.

4. O estudiantado interesado terá que solicitar o recoñecemento perante a vicerreitoría responsable do programa STEMbach, mediante a solicitude á coordinación STEMbach, indicando a actividade realizada e o período de participación.

A vicerreitoría acreditará, mediante unha certificación, a participación efectiva na actividade, para os efectos do recoñecemento académico, unha vez recibido o informe da persoa responsable da coordinación do STEMbach da UDC.

#### **O) Cursos de formación no Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE)**

1. Dentro do Plan de Apoio á Aprendizaxe (PAA) do CUFIE, o estudiantado poderá obter recoñecemento académico de 0,5 créditos ECTS por cada 10 horas de formación, ata un máximo de 4,5 créditos ECTS.

2. O recoñecemento realizarao de oficio a vicerreitoría con competencias en materia de formación permanente e/ou innovación educativa, que acreditará a superación da formación. A certificación seralle enviada ao estudiantado participante.

#### **P) Accións formativas en aberto xestionadas polo CUFIE**

A UDC recoñece créditos por participar en accións formativas en aberto (MOOC - *Massive Open Online Course*- ou NOOC - *Nano Open Online Massive*-, entre outras) conforme ao seguinte:

- a) Recoñécese 1 crédito por cada 30 horas de formación, ata un máximo de 4,5 créditos.
- b) O estudiantado interesado terá que lle solicitar a acreditación de superación das accións formativas á vicerreitoría con competencias en materia de formación permanente e/ou innovación educativa para o que achegará o diploma ou os certificados de superación correspondentes.

### **Q) Actividades de voluntariado, cooperación e cooperación ao desenvolvemento organizadas pola Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV)**

1. O estudiantado da UDC poderá obter o recoñecemento de 1,5 créditos ECTS por cada 30 horas de dedicación, ata un máximo de 3 créditos ECTS por curso académico, nas seguintes actividades:

- a) Colaboración en estadias de cooperación mediante convocatorias da UDC para fomentar a solidariedade e a cooperación.
- b) Colaboración en actividades de voluntariado organizadas pola OCV ou por entidades con que a UDC teña convenio para o efecto.
- c) Participación en actividades formativas de carácter social e cooperación ao desenvolvemento coordinadas pola OCV.
- d) Participación en actividades de formación organizadas por entidades de iniciativa social con que a UDC asinase un convenio de colaboración.

2. O estudiantado solicitaralle o recoñecemento á vicerreitoría competente, coa indicación da actividade que realizou e o período de participación.

A vicerreitoría con competencias en materia de cooperación e voluntariado acreditará, mediante unha certificación, a participación efectiva na actividade para os efectos do recoñecemento académico.

### **R) Actividades de responsabilidade social promovidas pola vicerreitoría con competencias en materia de responsabilidade social**

1. O estudiantado que realice actividades organizadas pola UDC Saudable ou polo programa Afrontemos obterá o recoñecemento de 1 crédito ECTS por cada 20 horas de formación, ata un máximo de 3 créditos ECTS.

2. Para poder obter o recoñecemento de créditos será necesaria unha asistencia mínima (certificada) ás clases do 85 %, alén de superar as probas correspondentes, de ser o caso.

3. O estudiantado interesado terá que solicitar o recoñecemento presentando a acreditación correspondente perante a vicerreitoría con competencias en materia de responsabilidade social, coa indicación da actividade que realizou e o período de participación.

A vicerreitoría acreditará, mediante unha certificación, a participación efectiva na actividade, para os efectos do recoñecemento académico.

### **S) Representación en materia de igualdade e participación en cursos de formación promovidos pola Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX) ou polo Centro de Estudos de Xénero e Feministas (CEXF)**

1. Polo desempeño de tarefas de representación en materia de igualdade, o estudiantado poderá obter o recoñecemento de ata 1 crédito ECTS por curso académico ou fracción, sempre que a representación teña unha duración mínima equivalente a un cuatrimestre lectivo.

2. Pola participación nos cursos de formación indicados, o estudiantado poderá obter 1 crédito ECTS por cada 20 horas de formación, ata un máximo de 3 créditos.

3. Para poder obter o recoñecemento de créditos será necesaria unha asistencia mínima (certificada) ás clases do 85 %, alén de superar as probas correspondentes, de ser o caso.

4. O estudiantado interesado terá que solicitar o recoñecemento presentando a acreditación correspondente perante a vicerreitoría con competencias en materia de igualdade e diversidade, coa indicación da actividade que realizou e o período de participación.

A vicerreitoría competente acreditará, mediante unha certificación, a participación efectiva na actividade, para os efectos do recoñecemento académico.

### **T) Recoñecemento de créditos por actividades formativas organizadas pola oficina de atención á diversidade (ADI)**

1. O estudiantado que realice actividades formativas organizadas pola ADI poderá obter o recoñecemento de 1 crédito ECTS por cada 20 horas de formación, ata un máximo de 3 créditos ECTS por curso académico.

3. O recoñecemento realizarao de oficio a vicerreitoría con competencias en materia de diversidade, que acreditará a superación da formación. A certificación enviaráselle ao estudiantado participante.

## ANEXO II. Procedemento para consultar o ámbito de coñecemento do grao de orixe, no caso de que non figure na documentación achegada

Cando a documentación presentada non especifique o ámbito de coñecemento a que pertence o título de grao de orixe, esta información deberase obter seguindo os seguintes pasos:

1º Acceder á páxina web do RUCT: <https://www.educacion.gob.es/ruct/home>

2º Premer na icona «Sección títulos».

### Registro de Universidades, Centros y Títulos (RUCT)

> Creado mediante RD 1509/2008, de 12 de septiembre

El RUCT ha sido creado para proporcionar la información más relevante sobre las universidades, centros y los títulos que conforman el sistema universitario español, en el que constan inscritos los nuevos títulos de Grado, Máster y Doctorado oficiales. Además, el RUCT tiene carácter público y de registro administrativo, y ha sido concebido como un instrumento en continua actualización.

Sección universidades

Sección centros

Sección títulos

3º Unha vez dentro:

- Seleccionar a universidade de orixe.
- Indicar un fragmento ou palabra característica do nome do título de orixe.
- Seleccionar o nivel dos estudos.

### Consulta de títulos

Contacte Inicio Volver

Código del título:

Universidad: Todos  1

Denominación del título: parte característica do nome  2

Nivel académico: Todos  3  Todos

Rama: Todos

Ámbito: Todos

Estado: Todos

Búsqueda por histórico: No

Consultar 4

4º Entre os resultados da busca, hai que premer sobre o nome do título que corresponda.

## Estudios

[Contacte](#) [Inicio](#) [Volver](#)

Un registro encontrado.

Código	Título	Universidad	Nivel académico	Estado
2501134	Graduado o Graduada en Derecho por la Universidad Autónoma de Madrid	Universidad Autónoma de Madrid	Grado - RD 822/2021 (2)	Publicado en B.O.E. (TITULACIÓN RENOVADA)

Opciones de exportación:  Excel

5º No menú que aparece, selecciónase o apartado «Descripción».

## Graduado o Graduada en Derecho por la Universidad de Cádiz

[Contacte](#) [Inicio](#) [Volver](#)

<b>Descripción</b>	<b>Fechas y Enlaces a BOE</b>	<b>Centros en los que se imparte</b>
<b>Histórico</b>		

6º É preciso comprobar se nesta sección aparece indicado o ámbito de coñecemento a que pertence o título.

### Descripción

<b>Código del título:</b>	2501134
<b>Nivel académico:</b>	Grado - RD 822/2021 (2)
<b>Nivel MECES:</b>	2
<b>Rama:</b>	Ciencias Sociales y Jurídicas
<b>Ámbito:</b>	Derecho y especialidades jurídicas
<b>Vinculado con profesión regulada:</b>	Sí
<b>Profesión regulada:</b>	Abogacía y Procura
<b>Resolución:</b>	Reúne las competencias iurídicas del realamento de la

## ANEXO III. Criterios sobre as cualificacións nos expedientes de destino

### 1. Correspondencia entre materias de orixe e de destino

a) Relación directa («unha materia → unha materia» ou «unha materia → varias materias»)

A cualificación asignada no expediente de orixe manterase sen cambios nas materias recoñecidas no expediente de destino.

b) Relación composta («varias materias → unha materia» ou «varias materias → varias materias»)

A cualificación no expediente de destino calcularase como ponderada, tendo en conta os créditos de cada unha das materias na titulación de orixe.

Se algunhas materias non teñen créditos, a cualificación de cada materia anual computase polo seu valor completo e a das materias cuatrimestrais computarase multiplicada por 0,5.

### 2. Sistema de cualificacións

a) Cualificacións na escala de 1 a 10

Se no expediente de orixe se utilizan cualificacións numéricas nesta escala, utilizaranse as ditas cualificacións.

No caso de sistemas educativos estranxeiros tamén se utilizará esta previsión, sempre que a persoa solicitante achegue o formulario oficial do ministerio para a conversión das cualificacións ao sistema español.

b) Cualificacións na escala de 1 a 4

Se no expediente de orixe se utilizan cualificacións numéricas nesta escala, realizarase unha conversión de acordo coa seguinte táboa:

Orixinal	Nova	Orixinal	Nova
De 1 a menos de 1,1	5,0	De 2,6 a menos de 2,7	8,2
De 1,1 a menos de 1,2	5,2	De 2,7 a menos de 2,8	8,4
De 1,2 a menos de 1,3	5,4	De 2,8 a menos de 2,9	8,6
De 1,3 a menos de 1,4	5,6	De 2,9 a menos de 3	8,8
De 1,4 a menos de 1,5	5,8	De 3 a menos de 3,1	9,0
De 1,5 a menos de 1,6	6,0	De 3,1 a menos de 3,2	9,1
De 1,6 a menos de 1,7	6,2	De 3,2 a menos de 3,3	9,2
De 1,7 a menos de 1,8	6,4	De 3,3 a menos de 3,4	9,3
De 1,8 a menos de 1,9	6,6	De 3,4 a menos de 3,5	9,4
De 1,9 a menos de 2	6,8	De 3,5 a menos de 3,6	9,5
De 2 a menos de 2,1	7,0	De 3,6 a menos de 3,7	9,6
De 2,1 a menos de 2,2	7,2	De 3,7 a menos de 3,8	9,7
De 2,2 a menos de 2,3	7,4	De 3,8 a menos de 3,9	9,8
De 2,3 a menos de 2,4	7,6	De 3,9 a menos de 4,0	9,9
De 2,4 a menos de 2,5	7,8	4,0	10,0
De 2,5 a menos de 2,6	8,0		

c) Cualificacións cualitativas (sen nota numérica)

Se no expediente de orixe non hai cualificacións cuantitativas, aplicarase a seguinte equivalencia:

- suspenso (3,5)
- aprobado, apto ou validado (5,5)
- notable (7,5)
- sobresaliente (9,0)
- matrícula de honra (10,0)

**3.Redondear as cualificacións**

As cualificacións incluíranse no expediente cun único decimal, redondeado á décima máis próxima e, en caso de equidistancia, á inmediatamente superior.